

## Membros Xunta Directiva

Presidenta: *Marisa Yáñez Villaverde*  
Vicepresidente: *Marcos Vázquez Gómez*  
Tesoureiro: *J. Carlos Otero Quintián*  
Secretario: *María Jesús Santamariña Núñez*  
  
Vocal: *Francisco García Pérez*  
Vocal: *Andrés Dopico Pena*  
Vocal: *Ana Tome Morandeira (ausente)*

### **Extracto da sesión celebrada pola asemblea ordinaria da ANPA do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 22 de outubro de 2010**

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria ás 20h. Asisten como membros da Xunta directiva: M<sup>a</sup> Luisa Yáñez, Juan Carlos Otero, Francisco García, Andrés Dopico, Marcos Vázquez e M<sup>a</sup> Jesús Santamariña. Á asemblea asisten 28 socios/as, incluídos os membros da xunta directiva. Os puntos a tratar son os seguintes:

- 1. Lectura e aprobación da acta** anterior por parte da secretaria. Apróbase, por unanimidade, sen comentarios.
- 2. Información das xestións realizadas en relación as suxestións e queixas da última asemblea.** Danse por solucionados os seguintes puntos:

- Proposta de modificación dos estatutos para que a Xunta directiva da ANPA non se poida adherir a ningunha plataforma cidadá ou asociación sen previa consulta á asemblea.

Segundo a *Lexislación básica para APAS (pax. 22) ou Art. 8 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 - DOG 22-01-87) é necesario* celebrar unha Asemblea Xeral Extraordinaria con proposta de modificación de estatutos como único punto da orde do día. Esa asemblea ten que aprobar os cambios propostos.

Segundo os estatutos da ANPA Brigantium (Capítulo III, Artigo 22) as asembleas extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde u cando o solicite formalmente por escrito un terzo dos asociados.

Dado que ningunha destas tres circunstancias se dan, queda desestimada a proposta de modificación estatutaria.

- A publicación no blog das propostas que a Xunta directiva vai facer cando se realice a revisión do Proxecto Educativo de Centro, prevista para o vindeiro curso 2010/2011.

As propostas da xunta directiva serán colgadas no blog e valorará todas aquelas que fagan os socios/-as.

- Centrar as accións reivindicativas da xunta directiva da ANPA ao ámbito do Vales Villamarín, deixando de lado outros centros como o Conservatorio ou a gardería.

Esta xunta directiva non está de acordo con esta proposta, xa que debido a pouca implicación dos pais/nais coa comunidade educativa é complicado a organización de ANPAs nos distintos centros educativos. Aínda que os esforzos da xunta directiva están centrados no “Vales Villamarín”, aproveitaranse as reunións coa alcaldía para reivindicar melloras para estes centros, aos que tamén acoden fillos dos socios desta ANPA.

- Establecer reunións conxuntas ANPA – ADC. Acéptase a proposta.
- Inclusión nas axendas escolares de formatos sinxelos que faciliten a xustificación de faltas, autorizacións... Así como a súa extensión a 1º e 2º de Primaria.

Están incluídos estes formatos nas axendas deste curso e tratarase a implantación no 1º ciclo co equipo directivo.

- Pregunta relativa a interpretación do artigo 8 do Decreto de Transporte Escolar, relativa a obriga das coidadoras de facilitar o tránsito das mochilas dos rapaces durante a subida e baixada do autobús.

A contestación da FEDAPA foi que non están obrigadas, baseándose na lei vixente:

- . Lei 16/1987, de 30 de xullo de ordenación dos transportes terrestres (BOE nº 182, do 31 de xullo).
- . Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que regula a prestación dos servizos de escolares e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG Nº 121, de 27 de xuño), modificado parcialmente polo Decreto 342/1998, do 27 de novembro (DOG nº 235, do 3 de decembro).
- . Orden da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 15 de decembro de 1989, de desenvolvemento do Decreto 160/1988 (DOG nº 6, do 30 de outubro).
- . Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

3. **Reorganización da Xunta directiva.** Causa baixa voluntaria Héctor Canle Rodríguez e incorpóranse dúas novas persoas, Fernando Suárez Menéndez e Marta Castro López.
4. **Resumo do estado de contas.** O Tesoureiro informa dos ingresos e gastos así como do saldo final que ascende a 4.689,25€.
5. **Explicación do novo sistema de cotas de socio.** A nova cota de socio é de 10€/familia e curso, quedando restrinxido o período de inscrición como socios/as dende o 1 de xuño ao 15 de novembro, excepto para aquelas familias que se incorporen ao longo do curso escolar. O pago pasará a realizarse unicamente a través do banco.

Os socios que xa teñan pagada a cota do curso 2010-2011, con anterioridade á entrada en vigor da nova cota, devolveránselle os 2€ de diferenza.

Comunícase de novo que todos os alumnos/as do CEIP Fco. Vales Villamarín teñen dereito a participar nas actividades organizadas pola ANPA, con independencia de que sexan socios ou non da mesma. En base a isto, a ANPA establecerá medidas, principalmente económicas, que favorezan aos socios/as á hora de participar nas mencionadas actividades. Así está establecido que:

- As familias usuarias do servizo de comedor e madrugadores abonen 20€/curso en concepto de matrícula. A ANPA farase cargo do custo da matrícula dos seus asociados, polo que estes unicamente deberán presentar a xustificación de ser socio á hora de matricularse no comedor.
  - Os asociados teñan desconto nas actividades de pago que se organicen.
  - As subvencións sexan destinadas, principalmente, aos socios.
  - Outras sen determinar
6. **Xestión do Comedor e Madrugadores.** Infórmase do número de alumnos que a día da asemblea, están usando o comedor (116) e o servizo de madrugadores (44), sendo o persoal que atende o servizo o establecido por lei.

A xestión do Comedor continuará como ata agora, a través da Federación de APAS de A Coruña, que non xestiona o programa de Madrugadores. Por este motivo, o Concello de Betanzos, a petición da ANPA, comprometeuse a facerse cargo deste programa, ao igual que o fan outros Concellos limítrofes, unha vez cumpridas as seguintes condicións:

- Aprobación en Consello Escolar
- Cesión de locais por parte da Dirección do Centro
- Inclusión no orzamento municipal

Mentres tanto, seguirá sendo un servizo ofertado pola ANPA.

Recórdase que todos os alumnos/as que queiran usar os servizos de comedor / madrugadores deberán ter abonada, con anterioridade ao uso destes servizos, unha matrícula de 20€/curso/familia á ANPA. Esta matrícula será gratuíta para os socios/as.

- 7. Axendas escolares para o curso 10/11.** A axenda está subvencionada ao 50% entre a ANPA e o Concello de Betanzos. Pídesse a colaboración dos pais e nais na súa revisión e utilización, para favorecer a súa implantación.
- 8. Información sobre as obras realizadas no colexio.** A maioría das reparacións ás que se comprometeu o concello para o presente curso foron realizadas, tanto no entorno como no interior, destacando o pintado do patio interior e a limpeza e substitución de parte da cuberta.
- 9. Problemática derivada da masificación do colexio.** O nº de alumnos/-as é de 905, distribuídos en 39 unidades, 12 de E. Infantil e 27 de E. Primaria. O nº de alumnos/-as por aula no segundo e terceiro ciclo, e nalgún nivel de infantil, roza o estipulado pola lei. Polo que é previsible que ao longo do curso sexa preciso desdobrar máis dunha aula. Iso implicaría a desaparición da única aula disponible para alumnado de reforzo e da única aula almacén de que dispón o colexio. De non ser suficiente con estas aulas, o colexio non disporía de ningunha outra aula, acadando o estado saturación máxima, que imposibilitaría escolarizar a ningún alumno máis, o que privaría ás familias que o precisaran dun dereito constitucional como é o ensino público. Incídese na urxente necesidade da construción do novo colexio de E. Infantil (3-6 anos). Infórmase así mesmo, dos problemas que supón a masificación para impartir e recibir un ensino de calidade:
  - Falta de profesorado de reforzo, xa que o nº de profesores asígnase en función do nº de aulas , non do número de nenos que o precisen.
  - Perda de aulas para desenvolver outras actividades
  - Recreos sen saír ao patio para 4º, 5º e 6º de Primaria, en días de choiva
  - Non acceso ao préstamo de libros na Biblioteca para os rapaces do 1º ciclo
  - Acumulación de tensión nas aulas
  - Aumento do risco en caso de evacuación por emerxencia
  - Recorte nas actividades extraescolares e complementarias
  - Deficiencia de instalacións deportivas; de biblioteca, de aulas de informática, de música, de desdobre, etc, etc, etc.
- 10. Situación da reclamación ante o Valedor do Pobo pola falta de profesorado de reforzo educativo.** A queixa preséntase o 22 de marzo do 2010 e é admitida a trámite e solicitada información á Consellería de Educación o 29 de marzo do 2010. Ante a falta de contestación volven a reclamar información en xullo, setembro e outubro. Polo que segue pendente de resolución.
- 11. Alternativa á Relixión.** Infórmase da evolución da matrícula nos últimos anos, que se veu duplicada, estando matriculados no presente curso 205 alumnos/-as, aproximadamente un 30% do total. Así como da intención do equipo directivo de intentar establecer actividades por niveis. Para o presente curso trabállarase:
  - Literatura e cine en 6º de Primaria

- A prensa na escola en 5º de Primaria
- Internet na escola en 4º de Primaria

12. **Situación da reclamación de persoal administrativo.** Recórdase que ao Vales Villamarín correspóndenlle por lei dous administrativos (1 administrativo / 400 alumnos). A Xefa de Inspección territorial da Consellería de Educación comprometeuse o curso pasado a enviar outro administrativo para o presente curso 2010-2011, cousa que non sucedeu, polo que se continuará coa reivindicación.
13. **Probas diagnósticas.** A consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un informe xeral dos resultados desta proba realizada ao alumnado de 4º de primaria para avaliar a competencia en comunicación lingüística e matemática. Estes resultados foron comunicados a cada centro individualmente. No noso caso, os resultados non son relevantes con respecto á media de Galicia. Non presentan variacións significativas con respecto da media da Comunidade Autónoma, nin con respecto á media dos centros do mesmo grupo ISEC (Índice Socio-Económico e Cultural, obtido da información aportada polas familias).
14. **Plan de Autoprotección e simulacros de evacuación.** Infórmase de que está en fase de revisión para adecualo ás instalacións actuais, así como da realización no presente curso de dous simulacros de evacuación. Un no primeiro trimestre e outro no terceiro.
- O ANPA encargará un estudo sobre o estado do edificio en relación ás medidas de seguridade que debe dispoñer, segundo a lei actual.
15. **Situación das Escolas Infantís.** Faise un repaso de todas accións e compromisos adquiridos polo concello e a Consellería dende febreiro do 2007, data na que se acorda en pleno municipal, expropiar os terreos e declaralos de utilidade pública (publicado no BOP), hasta o presente mes de outubro no que seguen sen estar cedidos os terreos para o colexio de E. Infantil de 3-6 anos Tamén se informa de que finalmente o nº de unidades será de 15, ampliables a 18, de ser necesario. A ANPA descoñece se o proxecto e a obra da gardería están licitadas ou non.
16. **Programación de actividades para o curso.** A programación de actividades para o vindeiro curso serán:
- Charlas dirixidas ás nais e pais, en colaboración coa Federación APA de A Coruña, relacionadas co entorno educativo:
    - o *“As necesidades da infancia e a xuventude fronte as institucións nas que se desenvolven: familia, escola e sociedade”*
    - o *“O fomento dos hábitos culturais na infancia e na xuventude como tarefa de todos”.*
  - Certame de debuxo FERTIBERIA
  - Actuación do Mago Benxamín no Nadal, actividade subvencionada pola Deputación
  - Outras sen determinar a data desta asemblea.
18. **Suxestións, queixas e preguntas.** A suxestións formuladas foron as seguintes:
- Informarse da partida presupostaria para o novo colexio de E. Infantil, dado o recorte nos presupostos xerais deste ano aprobados pola Xunta de Galicia.
  - A retirada do patio descuberto dunha valla metálica amarrada cun arame.
  - Acurtar o tempo de duración das asembleas e dar información exclusiva do Vales Villamarín, deixando, en todo caso, para o final aquela referente á gardería.

## ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do  
CEIP Fco. Vales Villamarín  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

- Animar aos pais/nais presentes a presentarse ás eleccións ao Consello Escolar

As preguntas realizadas foron:

- Vai mandar o Concello este curso coidadora para E. Infantil ?
- Aprobouse no Consello Escolar a permanencia nas aulas do alumnado de 4º, 5º e 6º durante o recreo os días de choiva? Estiveron de acordo os representantes dos pais/nais coa medida? Infórmase que a medida foi proposta polo equipo directivo e é unha consecuencia máis da masificación que sofre o colexio. Os pais e nais entenderon que non é beneficioso para a convivencia ter 600 alumnos pechados no patio.

As queixas manifestadas foron:

- A falta de limpeza nas aulas, detectada polas picaduras (2) de arañas a unha alumna con alerxia a picadura de insectos, polo que pregunta se hai plan de desinfección...
- Falta de cuberta no patio de infantil o que provoca problemas para a saúde dos rapaces tanto os días de sol como de choiva.

Na próxima asemblea intentarase dar contestación ás preguntas e queixas, sen resolver.

Sen máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 22.30h

PENDENTE DE APROBACIÓN